

PLAN DE REFORZO PARA O ALUMNADO REPETIDOR

1. XUSTIFICACIÓN DO PLAN.

Coa confección deste plan pretendemos dar un referente a todo o profesorado sobre a maneira de programar un reforzo para o alumnado repetidor e, tamén, cumprir coa normativa de referencia:

Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. Artigo 12.8.

Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 7 de xaneiro de 2008). Artigo 6.8.

ORDE do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

CIRCULAR 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.

DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. ALUMNADO A QUEN VAI DIRIXIDO.

Consideramos que o plan de reforzo debe ser un modelo que poida incluír a todo o alumnado con necesidades educativas especiais, que o profesorado aplique en distinto grao en función das características do alumnado a quen vai dirixido e que se centre fundamentalmente nas competencias básicas. Así, aínda que o obxecto principal do plan é o alumnado repetidor, pode ser aplicable tamén a aquel que teña RE con ou sen apoio de profesorado de PT.

3. OBXECTIVO DO PLAN.

Servir de referente ao profesorado para elaborar un plan concreto de reforzo para alumnado repetidor e/ou alumnado con RE.

4. DESENVOLVEMENTO DO PLAN.

Os programas específicos serán elaborados polo departamento da área o materia correspondente e deberán incluír actividades de aprendizaxe para realizar semanalmente.

En 1º e 2º de ESO deberán contemplar, ademais a posible incorporación deste alumnado a un programa de reforzo das materias instrumentais ou de recuperación doutras áreas, se as houbese no centro: reforzo, apoio, exención de Francés, agrupamentos flexibles, adaptación curricular, etc.

Neste caso este alumnado quedaría eximido da realización do programa específico personalizado na dita área.

Corresponderalle ao profesorado que imparta cada área ou materia facer o seguimento de cada alumno ou alumna na realización das tarefas propostas polo departamento e comunicarllo ao profesorado titor, que deberá facelo chegar ás familias para o seu coñecemento e colaboración.

O alumnado repetidor será informado polo profesorado titor en colaboración co departamento de orientación dos criterios de promoción e titulación na etapa, analizando conxuntamente a súa situación académica, tendo en conta as limitacións do número de repeticións e a idade de permanencia na etapa.

O profesorado recibirá información ao comezo do curso deste alumnado por parte do Departamento de Orientación referida a:

- Repeticións anteriores se as houberse.
- Cualificacións obtidas no mesmo nivel no ano académico anterior.
- Medidas educativas propostas: reforzo, apoio, agrupamentos flexibles, adaptación curricular, etc.

Periodicamente, nas distintas sesións de avaliación, ou sempre que se considere oportuno, e co fin de que o profesorado titor poida informar ás familias farase un seguimento de:

- Valoración da realización das actividades propostas.
- Cualificacións recentes na área ou materia.

No deseño das tarefas terase en conta o nivel de competencia curricular acadado na materia nos cursos anteriores e a cualificación final obtida no primeiro ano do curso obxecto de repetición, ademais dos resultados da avaliación inicial. Esta información permitirá escoller o tipo de tarefas máis adecuadas a cada caso, podendo ser estas de reforzo, en caso de detectar carencias, ou de ampliación no caso de que o alumno ou alumna xa domine eses contidos.